



REF: INT/2018/000043

## **INFORME ECONÓMICO-FINANCIERO E DE FISCALIZACIÓN DA PROPOSTA DO PRESUPUESTO DA FUNDACIÓN DE DEPORTES**

A que subscribe, DNA. ROSA M<sup>a</sup> OTERO PIÑEIRO, Interventora Delegada da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, examinada a proposta do Presupuesto para o exercicio de 2018, formado polo Sr. Presidente, dando cumprimento ó disposto no artigo 168.4 da Lei 02/04, de 5 de Marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no 18.4 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, emite o seguinte informe:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

-Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

-Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, desenvolvemento da Lei 39/1998, en materia de orzamentos.

-Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de Réxime Local

-Orde EHA/4041/2004 do Ministerio de Facenda, do 23 de novembro, Instrución modelo Normal de Contabilidade Local.

-Orde do 20 de setembro de 1989 sobre estrutura de Orzamentos das Entidade Locais.

-Orde EHA/3565 do 3 de decembro de 2008 sobre estrutura de orzamentos das Entidade Locais. Vixente a partir do orzamento do exercicio 2010.

- Orde HAP/419/2014 de 4 de marzo, de modificación da EHA/3565.

-Real Decreto-Lei 20/2012, de 13 de xullo, de medidas para garantir a Estabilidade Orzamentaria e de Fomento da Competitividade.

-Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira.

## **DOCUMENTOS DO ORZAMENTO**

Segundo se establece nos artigos 164 e seguintes do TRLRFL e artigo 18 do RD 500/1990, o orzamento está constituído por:

-Estado de Gastos: No que se inclúen, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ao cumprimento das obrigas.

-Estado de Ingresos: Nos que figuran as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar durante o exercicio.

-Bases de Execución: que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia presupostaria a organización e circunstancias da propia entidade. Neste casos serán as mesmas do orzamento do Concello ao que pertence este organismo autónomo.

Establecese como Anexos o orzamento:

- Plans e programas de inversión para catro anos
- Estado Consolidado, nos casos que corresponda
- Estado da Débeda.

Unha vez elaborado o orzamento deberá estar acompañado pola seguinte documentación:

- Memoria do Presidente que explica o seu contido e principais modificacións.
- Liquidación do exercicio anterior e avance do corrente referida aos seis primeiros meses.
- Anexo de Persoal
- Anexo de inversións do exercicio
- Informe económico-financeiro.

Non consta documentación relativa o anexo de persoal, por tratarse de persoal do concello adscrito á Fundación de Deportes e que aparece no Anexo de persoal do Presuposto Xeral do Concello, sen embargo acompañase un estado económico dos créditos relativos ao persoal adscrito á Fundación de Deportes.

Non se inclúe o Plan de inversións a catro anos por establecerse que as inversións da Fundación de Deportes serán definidas no Plan de inversións do Concello.

Este organismo autónomo non ten concertado ningún préstamo, crédito ou operación de tesourería, polo que non se presenta o Estado da Débeda.

Considerando a entidade da Fundación de Deportes o análise económico-financeiro inclúese no presente informe. O presente orzamento remitirase a entidade matriz para formar o orzamento consolidado.

## **ANÁLISE ECONÓMICO-FINANCIERO**

O estado de Gastos e Ingresos presenta os seguintes datos a nivel de capítulo:

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe	Cap	Denominación	Importe
I	GASTOS PERSOAL	494.500,00	III	TAXAS E OUTROS INGRESOS	62.010,00
II	GASTOS EN BENS E SERVIZOS	502.345,00	IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.073.000,00
III	GASTOS FINANCIEROS	50,00	V	INGRESOS PATRIMONIAIS	11.885,00
IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	120.000,00			
VI	INVERSIÓNS REAIS	30.000,00			
	TOTAL	1.146.895,00		TOTAL	1.146.895,00

Nunha valoración mais específica e distinguindo gastos de ingresos, observase:

### **GASTOS**

Debemos destacar que trala falta de datos no exercicio anterior, neste ano facilitáronse os datos de persoal clasificados por persoal funcionario, funcionario interino, persoal laboral e persoal eventual, tal e como se solicitaron no ano pasado. En base a estes datos, confeccionouse o anexo de persoal e dotáronse as aplicacións presupostarias correspondentes tendo en conta as seguintes aclaracións:

-Dótanse as partidas presupostarias en función do tipo de contrato ou nomeamento que vincula ao Concello con cada traballador, independentemente de como figuren as prazas no catalogo de postos de traballo. A única excepción a esta situación son os casos de substitución por baixa IT.

-Con motivo do anterior hai unha reorganización das dotacións das aplicacións presupostarias de persoal laboral e persoal funcionario.

-Dótanse as correspondentes aplicacións presupostarias para atender ao abono de xornadas en domingos e horas extra realizadas.

**Con todo isto debe advertirse que os créditos facilitados polo negociado de persoal son inferiores ao gasto executado no exercicio 2017**, a pesar de que se mantivo o dato da seguridade social facilitado nun primeiro momento, que é superior ao dato facilitado con posterioridade. Pode ser debido a cantidade de persoal funcionario interino existente, pero non se recibiron explicacións ao respecto. En consecuencia debe advertirse que no caso de que a execución presupostaria sexa superior que os créditos consignados deberá realizarse retencións de crédito noutras partidas presupostarias como medida de precaución, para poder dotar as partidas de persoal mediante unha modificación de crédito no caso de que sexa necesario.

No capítulo II de gastos en bens correntes e de servizos, realízase o estudo correspondente aos gastos executados durante o exercicio 2017 e sobre os contratos vixentes: redúcese a aplicación presupostaria correspondente á enerxía eléctrica, debido aos aforros producidos en virtude dos cambios que se están a realizar polo Departamento de Electricidade; aumentase a partida destinada a seguros; redúcese a partida destinada a mantemento de instalacións realizada por profesionais e aumentase a partida de limpeza e mantemento de instalacións, en virtude do acordo da X.G.L. polo que os servizos realizados nas Instalacións de Fexdega deben ser atendidas pola Fundación de Deportes, o expediente de aplicación deste acordo no OOAA foi obxecto de levantamento de reparo. Os contratos de servizos e os compromisos de exercicios futuros correspondentes ao ano 2018 figuran totalmente dotados. Auméntanse os créditos para Escolas Deportivas en 2.000 €, pola maior execución que se ven detectando nas escolas náuticas. Finalmente mantense a consignación para actividades deportivas.

Mantéñense as transferencias correntes a clubs e entidades deportivas en 120.000,00 €, que se aplica en tres ámbitos de actuación: deporte federado, actividades deportivas extraordinarias e instalacións deportivas.

Neste exercicio recóllense aplicacións presupostarias para inversións, por importe de 30.000,00 € para afrontar a compra de determinada maquinaria e instalacións, tales como marcadores, deshumidificadores, escaner...etc, e para a modificación da Sede do Concello para incluír á



Fundación de Deportes. As grandes inversións nas instalacións deportivas van consignadas no orzamento municipal e detalladas no anexo de inversións ou en plans de subvencións doutras Administracións Públicas.

### INGRESOS:

En canto a ingresos prodúcese un incremento con respecto ao ano anterior polo importe de 40.100,00 € que se corresponde na súa maior parte co incremento da transferencia do Concello que ascende para este exercicio a 1.052.000,00 €, que representa o 91,73% dos ingresos, con un incremento de 30.000 € con respecto ao ano anterior.

Por outro lado están os recursos procedentes do Acordo regulador nº 17 do prezo público pola utilización das instalacións deportivas municipais e doutros servizos, diferenciándose o ingreso por utilización de instalacións, que ascende a 52.000,00 €, dentro do que está incluído o carné da Fundación de Deportes, e por outro lado o ingreso que se corresponde coa prestación de actividades deportivas que ascende a 10.000,00 €, ambos conceptos aumentanse con respecto ao exercicio 2017 xa que nos últimos anos veñense producindo subidas significativas.

Mantense as transferencias de empresas privadas polo importe de 15.000,00 €, que se corresponde co convenio de Espina & Delfín por importe de 10.400,00 € aproximadamente e dependendo dos patrocinios deportivos da citada empresa, e coa aportación de Frinsa-Ramiro Carregal por 4.000 € aproximadamente. Tamén se recolle as transferencias da Deputación por 6.000,00 €.

### FISCALIZACIÓN DO ORZAMENTO

Primeiro.- O mencionado Presuposto, que debe someterse á aprobación do Órgano Colexiado da Fundación de Deportes, para a súa unión ó Presuposto Xeral do Concello e posterior aprobación polo Pleno do Concello, ascende tanto no seu ESTADO DE GASTOS, como no ESTADO DE INGRESOS, á cantidade de UN MILLÓN CENTO CUARENTA E SEIS MIL OTOCENTOS NOVENTA E CINCO EUROS (1.146.895,00 €) resultando, polo tanto, evidente que se confeccionou sen déficit inicial, polo que queda cumprido o que prescribe o artigo 165.4 da citada Lei, reunindo os demais requisitos que sinala este artigo, e observando que se une a documentación que preceptúa o 164 e seguintes da mesma, tendo en conta que no organismo

autónomo non existen plans e programas de inversións a catro anos nin débeda a curto e longo prazo.

Segundo.- As Bases de Execución do referido Presuposto serán as mesmas que as do Presuposto do Concello. Proponse neste exercicio 2018 a modificación das bases de execución en relación a posibilidade de poder destinar a outra finalidade os recursos ordinarios que financian gastos de inversións que ao longo de exercicio non poidan ser realizadas, sen necesidade de tramitación ante o pleno e modificación do anexo de inversións.

Terceiro.- A documentación que se une ó presuposto está composta de:

- a) Memoria do Presidente que explica o seu contido e as principais modificacións
- b) Liquidación do exercicio anterior e avance da liquidación do exercicio 2017.
- c) Estado económico de créditos de persoal.
- d) O presente informe económico-financeiro e de fiscalización.

Cuarto.- Mantense a estruturación presupostaria en canto ás clasificacións funcional e económica do ano anterior e que xa foi adaptada aos criterios emitidos polo Ministerio de Economía e Facenda o 15 de decembro de 2011, non afectando aos programas da Fundación de Deportes a nova orde HAP/419/2014, de 4 de marzo, pola que se modifica a Orde EHA/6565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, que introduce modificacións na clasificación por programas así como na clasificación económica mediante a creación dun novo capítulo 5 de gastos onde se reflexan os créditos destinados ao denominado “Fondo de Continxencia” regulado no artigo 31 da LOEOSF 2/2012. Non se considera necesario dotar de crédito o fondo de continxencia. Nesta ocasión dotanse as novas aplicacións presupostarias para recoller os gastos do persoal funcionario interino que no último exercicio só se crearon e se dotaron con cantidades simbólicas por falta de datos.

Quinto.- Obsérvase, tamén a xuízo do funcionario que subscribe, que na elaboración do Presuposto, cumpríronse as prescricións legais aplicables, e que contén as previsións necesarias para atender as obrigas da Fundación e os dereitos que se calculan liquidar durante o seu desenvolvemento, e dicir, de conformidade co artigo 165 do TRLRFL contén os estados de previsión de gastos e ingresos, coa advertencia feita en materia de gastos de persoal.

Sexto.- Cumprimento dos límites porcentuais aplicables aos conceptos retributivos de conformidade co artigo 7 do RDL 8/1986.

COMPLEMENTO ESPECÍFICO	IMPORTE
1.- TOTAL MASA RETRIBUTIVA PERSOAL FUNCIONARIO FPSDM	149.485,82
GRATIFICACIÓNS FUNCIONARIOS	2.000,00
PRODUTIVIDADE	3.920,04
TOTAL MASA RETRIBUTIVA GLOBAL	155.405,86
TOTAL BÁSICAS	51.599,12
TOTAL COMPLEMENTO DESTINO	22.676,09
MASA RETRIBUTIVA AXUSTADA	81.130,65

1- Complemento Especifico. Importe: 29.714,17 € Porcentaxe sobre a masa retributiva axustada: 36,63 %. Non supera o límite legal máximo do 75 %.

2- Gratificacións: importe: 2.000,00 €, importe das gratificacións paga extra: 3.332,26 €. Porcentaxe sobre a masa retributiva axustada 6,57%. Non supera o límite legal máximo do 10 %.

3- Produtividade: Importe: 3.920,04 €, Porcentaxe sobre a masa retributiva axustada: 4,83 %. Non supera o límite legal máximo do 30%.

Sétimo.- **Principio de estabilidade presupostaria** e sostenibilidade financeira.

O análise da estabilidade presupostaria, regra de gasto, teito de gasto e sostenibilidade deben realizarse a nivel de presuposto consolidado, polo que o mesmo realizase no Informe de Intervención do Presuposto Xeral, de conformidade co regulado na Lei Orgánica 2/2012.

Non obstante a título meramente informativo realizase un análise da estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira referido unicamente o presuposto da Fundación de Deportes. Polo tanto cabe sinalar o establecido nos artigos 2, 3 e 4 da L.O. 2/2012:

“Artigo 2. *Ámbito de aplicación subxectivo.*

Aos efectos da presente Lei, o sector público considerase integrado polas seguintes unidades:

1. O sector Administracións Públicas, de acordo coa definición e delimitación do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais aprobado polo Regulamento (CE) 2223/96 do Consello, de 25 de xuño de 1996 que inclúe os seguintes subsectores, igualmente definidos conforme a dito Sistema:

- a) Administración central, que comprende o Estado e os organismos da administración central.
- b) Comunidades Autónomas.
- c) Corporacións Locais.
- d) Administracións de Seguridade Social.

**2. O resto das entidades públicas empresariais, sociedades mercantís e demais entes de dereito público dependentes das administracións públicas, non incluídas no apartado anterior, terán así mesmo consideración de sector público e quedarán suxeitos ao disposto nas normas desta Lei que especificamente se refiran as mesmas.**

Artigo 3. *Principio de estabilidade presupuestaria.*

1. A elaboración, aprobación y execución dos Presupostos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade presupuestaria, coherente coa normativa europea.

2. Entenderase por estabilidade presupuestaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

**3. En relación cos suxeitos aos que se refire o artigo 2.2 de esta Lei entenderase por estabilidade presupuestaria a posición de equilibrio financeiro.**

Artigo 4. Principio de sostenibilidade financeira.

1.As actuacións das Administracións Públicas e demais suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei estarán suxeitos ao principio de sostenibilidade financeira.

2.Entenderase por sostenibilidade financeira a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública, conforme o establecido nesta Lei e na normativa Europea.”

O artigo 11.4 establece que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit presupuestario. E así, o Consello de Ministros en data 10 de xullo de 2015, establece como obxectivo de estabilidade presupuestaria para as Corporacións locais no trienio 2016-2018 o equilibrio.

A estabilidade presupuestaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade inversora municipal estará determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).



Entendese a situación de equilibrio ou superávit, computada ao longo do ciclo económico, en termos de capacidade de financiamento, segundo a definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, e nas que se terán en conta as previsións de Ingresos dos capítulos 1 a 7 do Estado de Ingresos, menos as previsións de gastos dos capítulos 1 a 7 do Estado de Gastos. Neste senso, o cálculo da capacidade/necesidade de financiación nos entes sometidos ao presupuestado obtense, segundo o manual da IGAE e como o interpreta a Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades locais, por diferenza entre os importes presupuestados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

Desta forma temos que para o presupuestado 2018 o cálculo da capacidade/necesidade de financiación é o reflexado a continuación. A esa diferenza entre recursos e empregos aplicáse unha serie de axustes (Para a realización dos axustes considerase o Manual de cálculo do Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola IGAE, e o formulario F.1.1.B1.do documento elaborado pola Subdirección Xeral de relacións financeiras coas Entidades Locais) :

Axustes en ingresos:

Na Fundación de Deportes só aplicase un axuste de ingresos. Trátase de aplicar o criterio de caixa, e dicir os ingresos recadados durante o exercicio, tomados dos datos da última liquidación aprobada 2016:

CAPÍTULOS	PREVISTO	RECADADO	% REC/PREV	% AXUSTE
Cap 1	0	0	0	1
Cap 2	0	0	0	1
Cap 3	54.010,00	60.229,33	1,11515	-0,115151453

Aplicando estes axustes ao orzamento 2018:

CAPÍTULOS	PREVISTO 2017	% AXUSTE	IMPORTE AXUSTE
Cap 1	0	1	0
Cap 2	0	1	0
Cap 3	62.010,00	-0,115151453	7.140,54

### Axuste en gastos:

Na Fundación de deportes pódense aplicar dous axustes:

1-Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao presuposto. Axustase neste caso os gastos pendentes de aplicar ao orzamento, así como os recoñecementos extraxudiciais de crédito aprobados durante o exercicio. Este axuste así definido só é aplicable con datos reais en fase de liquidación do exercicio. En termos de presupostación debería recollerse o saldo entre o gasto que non se poida aplicar ao orzamento durante o 2018 e o gasto que se imputará a 2018 procedente de 2017, polo que pode ser tanto signo positivo como negativo, aumentar ou diminuír a capacidade de financiación. Considerando que o obxectivo principal é aplicar a cada exercicio o gasto que lle corresponde e visto que se trata dun axuste que debe calcularse con datos reais, estimamos que se compensan ambas cantidades polo que o axuste é cero.

2-Axuste por grado de execución: O Estado ven aplicando anualmente este axuste aos gastos previsto, pero sen especificarse o sistema de calculo. Da media dos tres últimos exercicios (ou do último exercicio) e considerando os créditos definitivos resulta un porcentaxe de inexecución que por capítulo de gastos non financeiro debemos aplicar ás previsión do presuposto 2018.

Para estes cálculos vamos a comezar calculando os porcentaxes de inexecución das tres últimas liquidacións aprobadas, e aplicámolas ao orzamento para o 2018. Tamén calcularemos o porcentaxe de inexecución da última liquidación aprobada e aplicarémola ao exercicio 2018. Por aplicación do principio de prudencia, consideraremos como inexecución a cantidade mais pequena entre os dous cálculos anteriores.

Porcentaxe inexecución das tres últimas liquidacións aprobadas:

ANO	CAPÍTULO	PREV. DEFINIT.	OBRIG. RECON.	% EXECUTADO	% INEXECUCIÓN
2014	1	503.745,00	489.557,69	97,18%	2,82%
	2	430.920,00	403.331,01	93,60%	6,40%
	3	50,00	0,00	0,00%	100,00%
	4	102.100,00	101.618,62	99,53%	0,47%
2015	1	521.296,54	511.560,56	98,13%	1,87%
	2	435.135,84	412.504,26	94,80%	5,20%
	3	50,00	0,00	0,00%	100,00%
	4	101.000,00	101.000,00	100,00%	0,00%
2016	1	488.268,41	482.495,83	98,82%	1,18%
	2	440.880,37	420.232,25	95,32%	4,68%
	3	50,00	0,00	0,00%	100,00%
	4	110.000,00	109.633,84	99,67%	0,33%

Agregamos tódolos anos:

CAPÍTULO	PREV. DEFINIT.	OBRIG. RECON.	% EXECUTADO	% INEXECUCIÓN
1	1.513.309,95	1.483.614,08	98,04%	1,96%
2	1.306.936,21	1.236.067,52	94,58%	5,42%
3	150,00	0,00	0,00%	100,00%
4	313.100,00	312.252,46	99,73%	0,27%

Aplicación dos porcentaxes anteriores ao orzamento para 2018:

CAPÍTULO	PREV. 2018	% INEXECUCIÓN 2014-2016	AXUSTE
1	494.500,00	1,96%	9.703,64
2	502.345,00	5,42%	27.239,69
3	50,00	100,00%	50,00
4	120.000,00	0,27%	324,83
TOTAL AXUSTE			37.318,15

Aplicamos as porcentaxes da última liquidación aprobada ao orzamento para 2018:

CAPÍTULO	PREV. 2018	% INEXECUCIÓN 2016	AXUSTE
1	494.500,00	1,18%	5.846,25
2	502.345,00	4,68%	23.526,74
3	50,00	100,00%	50,00
4	120.000,00	0,33%	399,45
<b>TOTAL AXUSTE</b>			<b>29.822,45</b>

Considerase mais prudente aplicar os porcentaxes de inexecución do último exercicio liquidado. En consecuencia, a capacidade de financiación é a que se recolle no seguinte cadro:

CONCEPTO DO AXUSTE	AXUSTE 2018 (+/-)
<b>INGRESOS NON FINANCEIROS MENOS GASTOS NON FINANCEIROS</b>	<b>0,00</b>
Axuste por recadación ingresos capítulo 1	0,00
Axuste por recadación ingresos capítulo 2	0,00
Axuste por recadación ingresos capítulo 3	7.140,54
Axuste por liquidación PTE-2008 +	0,00
Axuste por liquidación PTE-2009 +	0,00
Intereses	0,00
Diferencias de Cambio	0,00
Axuste por grado de execución do gasto	29.822,45
Inversións por conta da Corporación	0,00
Ingresos por venta de accións	0,00
Dividendos e Participación en beneficios	0,00
Ingresos obtidos da Unión Europea	0,00
Operación de permuta financeira (SWAPS)	0,00
Operación de reintegro de execución de avais	0,00
Aportación de Capital	0,00
Asunción e cancelación de débedas	0,00
Gastos realizados pendentos de aplicar ao presuposto	0,00
Adquisicións con pago aprazado	0,00
Arrendamento financeiro	0,00
Contratos de asociación público privada (APPs)	0,00
Inversións corporación por conta de outro	0,00
Préstamos	0,00
Outros (1)	0,00
<b>Total axustes ao Presuposto</b>	<b>36.962,99</b>
<b>Capacidade/Necesidade Financiación 2018</b>	<b>36.962,99</b>

O orzamento da Fundación **atende ao cumprimento do principio de estabilidade** nos termos

previstos na L.O. 2/2012.

### Oitavo.- Regra de gasto.

O artigo 12 da Lei orgánica de Estabilidade Presupostaria esixe tamén ás entidades Locais que a variación do gasto computable non supera a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

Para as Corporación Locais cúmprese a Regra de gasto, si a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

Para todas as administracións, o 7 de xullo de 2017, o Consello de Ministros elevou ao Congreso, xunto aos obxectivos de déficit público (0% para a Administración Local) e de Débeda Pública para o período 2018-2020, e a regra de gasto para os presupostos de 2018, 2019 e 2020, isto é, 2,4%, 2,7% e 2,8% respectivamente para a Administración Local.

Por outro lado, a Orde Ministerial que desenvolve as obrigas de subministro de información, establece respecto ao cumprimento da regra de gasto, dous tipos de informe que farían referencia a esta fase de aprobación do presuposto:

- a) Informe de Intervención antes do 31 de outubro de cada ano, de evacuación de cumprimento da regra de gasto coas previsións do presuposto do ano seguinte (art.15.1.d Orden HAP/2105/2012).
- b) Informe de Intervención antes do 31 de xaneiro de cada ano, de avaliación de cumprimento da regra de gasto coa remisión do presuposto aprobado (art.15.2.c Orden HAP/2105/2012).

O Cálculo da Regra de gasto é a seguinte:



CONCEPTO	PREV. LIQUID. 2017	PRESUPOSTO 2018
----------	--------------------	-----------------

1-Suma dos capítulos 1 a 7 de gastos (sen intereses da débeda)	1.069.116,81	1.146.895,00
2-AXUSTES Cálculo empregos non financeiros segundo SEC	-4.059,00	-29.822,45
Enaxenac. de terreos p/c E.L (-).	0,00	0,00
Inversións p/c E.L.(+/-)	0,00	0,00
Execución avais (+/-)	0,00	0,00
Aportacións capital (+/-)	0,00	0,00
Asunc. e Cancel. De débedas (+/-)	0,00	0,00
Gastos exercicio pendentes aplicar ao presuposto	-4.059,00	0,00
Pagos socios privados Asoc. Pblc.-Pvdas (+/-)	0,00	0,00
Adquisicións pago aprazado (+/-)	0,00	0,00
Arrendamento Fº (+/-)	0,00	0,00
Préstamos (+)	0,00	0,00
Mecanismo RD 4/2012 (-)	0,00	0,00
Invers. Realizadas por E.L. p/c de outra Admon. (-)	0,00	0,00
Inexecución (-)	0,00	-29.822,45
Outros (+/-)	0,00	0,00
3-Empregos non finan. en term. SEC excepto intereses (1-2)	1.065.057,81	1.117.072,55
4-Pagos por transferencias internas (-)	0,00	0,00
5-Gastos financiados con fondos finalistas (-)	-6.000,00	-6.000,00
U.E	0,00	0,00
ESTADO	0,00	0,00
C.A.	0,00	0,00
DIPUTACIONES	-6.000,00	-6.000,00
OUTRAS ADMIN. PBLCAS.	0,00	0,00
6-Transfe. Fondos de sistemas de financiación (-)	0,00	0,00
<b>TOTAL GASTO COMPUTABLE EJERCICIO</b>	<b>1.059.057,81</b>	<b>1.111.072,55</b>

Cálculo do límite do Gasto aplicable a 2018:

Gasto computable 2017 aplicando taxa referencia 2,4%		1.084.475,20
Aumentos/ diminucións art. 12.4 por cambio normativo...		0,00
Limite gasto computable 2018 segundo Regra de gasto		1.084.475,20
CUMPRIMENTO REGRA DE GASTO (LÍMITE DO GASTO COMPUTABLE – GASTO COMPUTABLE)		-26.597,35

Polo tanto o Presuposto da Fundación de Deportes para o exercicio 2018 **NON cumpre a regra de gasto polo importe de 26.597,35 €**, xa que o gasto computable é superior ao límite do gasto computable.

### **TRAMITACIÓN.**

O orzamento de cada un dos organismos autónomos integrantes do orzamento xeral, proposto polo órgano competente de aqueles, será remitido á entidade local da que dependan antes do 15 de setembro de cada ano, acompañado da documentación detallada na lexislación vixente. Corresponde ó Consello Reitor a aprobación do Orzamento da Fundación de Deportes proposto polo Presidente do Organismo Autónomo.

Posteriormente, O Presidente da Entidade Local formará o presuposto xeral e o remitirá, informado pola Intervención e cos anexos e documentación complementaria ao Pleno da corporación antes do 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución.

O acordo de aprobación, que será único, detallará os orzamentos que integran o orzamento xeral, non podendo aprobarse ningún deles separadamente.

Aprobado inicialmente o presuposto xeral, exporase ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial, por 15 días, durante ós que os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O presuposto considerarase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

O presuposto da Fundación de Deportes non se confecciona dentro dos prazos establecido





legalmente, encontrándose neste intre prorrogado o orzamento do exercicio 2017.

Vilagarcía de Arousa, 7 de marzo de 2018.

A INTERVENTORA/DELEGADA

Rosa M<sup>a</sup> Otero Piñeiro